

## **MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL**

### **GUÍA DOCENTE PRÁCTICAS EXTERNAS.**

#### **I.- DATOS INICIAIS DE IDENTIFICACIÓN**

1.-	Nome da materia	Prácticas Externas
2.-	Código da materia	P3042108
3.-	Carácter	Obrigatoria
4.-	Período	2º Cuadrimestre
5.-	Créditos ECTS	6
6.-	Profesor Coordinador	<b>Joaquín Vidal Portabales</b>

#### **II.- INTRODUCCIÓN DA MATERIA.**

O desenvolvemento das Prácticas Externas terá como finalidade a posta en práctica polos/ as alumnos/ s dos coñecementos, destrezas e habilidades adquiridos ao longo do Máster. Consiste na realización de prácticas mediante un sistema de permanencia regrada nunha empresa, organismo ou institución administrativa, económica ou profesional, de carácter público ou privado así como na elaboración dunha memoria na que se plasme a experiencia da realización das mesmas.

As prácticas teñen como obxectivo fundamental complementar a formación teórica dos/ as estudantes e facilitar a súa inserción no mundo laboral. Permitirán a asimilación por parte dos/ as estudantes da realidade institucional e empresarial da súa contorna no ámbito das súas respectivas profesións futuras cos seguintes fins, en particular:

- Formación integral no ámbito de estudo do título, equilibrando a formación teórica e a práctica.
- Adquisición das competencias propias do título.
- Obtención de experiencia profesional que facilite a empleabilidade e a inserción máis adecuada no mercado laboral.
- Desenvolvemento da capacidade de decisión, do espírito crítico e da capacidade de traballo en equipo.

#### **II.- VOLUME DE TRABALLO.**

Carga total: 6 créditos (ECTS)

Distribución:

- Horas de prácticas presenciais na empresa / institución: 120 horas.
- Horas de traballo e estudo do/da alumno/a para a elaboración da Memoria Final: 25 horas.
- Asistencia a titorías personalizadas: 5 horas.

### **III.- ASIGNACIÓN DAS EMPRESAS / INSTITUCIONES.**

As prácticas regularanse polos convenios asinados entre a Universidade e as institucións ou empresas que colaboren na formación dos/as alumnos/as. Corresponderá ao coordinador ou á coordinadora do Máster a asignación da empresa / institución na que cada estudante desenvolverá as prácticas. En todo caso, para a selección dos estudantes terase en conta criterios, tales como, rendemento académico no máster (cualificacións académicas, asistencia ás aulas...), preferencias de especialización, demandas das empresas ou institucións receptoras, estudos previos, xornada e horario de traballo, lugar de residencia... Se o coordinador ou a coordinadora estímoo necesario, manterá, ademais, unha entrevista persoal previa co estudante.

### **III.- REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.**

As prácticas nas empresas ou institucións efectuaranse no horario prefixado e consistirán na realización das tarefas asignadas a cada estudante e que estarán relacionadas cos coñecementos teóricos adquiridos no Máster. Será obrigatorio asistir ao 80 por 100 das horas presenciais.

A Universidade e a empresa ou institución receptora nomearán senllos titores de prácticas para o seguimento da aprendizaxe do alumno. O titor ou a titora na empresa ou institución, que deberá posuír a cualificación ou experiencia profesional adecuada, encargarse do seguimento do proceso formativo na mesma, propulsará a realización das prácticas e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación, segundo o anexo I. O titor ou a titora académico/a terá a misión de garantir o correcto desenvolvemento das prácticas, dar resposta ás expectativas formativas establecidas e informar en primeira instancia sobre a Memoria Final de prácticas.

### **IV.- MEMORIA FINAL.**

Ao finalizar as prácticas na correspondente empresa / institución, cada alumno/a, de forma individual, elaborará e entregará ao titor ou á titora académico/a unha Memoria Final descritiva e explicativa do seu desenvolvemento. Para iso utilizarase o modelo do anexo II.

Para a elaboración desta Memoria Final o estudante poderá acudir, no horario prefixado, á titoría personalizada co seu titor/a académico/a.

Só poderán presentar a Memoria Final os estudantes que realizen a porcentaxe mínima obrigatoria das prácticas (80 por 100 do tempo total asignado).

### **V.- AVALIACIÓN.**

O titor académico ou a titora académica avaliará as prácticas desenvolvidas, cumprimentando o correspondente informe de valoración final ( anexo III ) que deberá ter en conta o seguimento levado a cabo, o informe do titor ou titora empresarial e a memoria final entregada polo estudante. O réxime de cualificación será o mesmo que para as restantes materias.

No caso de que o estudante non completase no lugar onde se realizan as prácticas, e a plena satisfacción do titor/a, o 80% polo menos, das horas establecidas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de “non presentado” na materia “Prácticas Externas”.

Igualmente se transcrito o prazo sinalado polo coordinador ou a coordinadora do máster, o estudante non entregase a Memoria Final das prácticas, emitírase informe final desfavorable de ditas prácticas e cualificación de “non presentado” na materia de “Prácticas Externas”.

## Prácticas externas do Máster en Xestión e Dirección Laboral.

### Guía para a elaboración da Memoria de Prácticas Externas

A memoria que debe presentar o alumno/a debe conter os seguintes apartados:

#### 1. Portada

Deberase presentar a memoria cunha portada na que figure o título de Memoria de Prácticas Externas, o nome do/da estudante que a presenta, a convocatoria á que se presenta (mes e ano) e o curso académico.

#### 2. Índice

O alumno ou a alumna deberá confeccionar un índice numerado por páxinas cos contidos da memoria.

#### 3. Introducción

Deberase facer unha introdución que conteña datos relativos aos seguintes aspectos:

<b>Datos do alumno ou da alumna</b>	
<b>Apelidos:</b>	<b>Nome:</b>
<b>Máster en Xestión e Dirección Laboral</b>	

**Datos das prácticas e da empresa**

<b>Empresa:</b>	<b>CIF:</b>
<b>Actividade:</b>	
<b>Período de Prácticas:</b>	
<b>Inicio:</b>	<b>Fin:</b>
<b>Total de horas:</b>	

**Datos do titor ou da titora da empresa**

<b>Apelidos:</b>	<b>Nome:</b>
<b>Cargo:</b>	<b>Teléfono</b>
<b>Mail:</b>	

**4. Información básica da empresa/organización**

Deberase facer unha breve descrición dos aspectos máis relevantes da empresa ou organización onde se realizaron as prácticas. ( p.e., sector, actividade, localización, organigrama, nº de empregados...).

**5. Contido da prácticas**

Farase unha descrición o máis exhaustiva posible de todas as tarefas e actividades levadas a cabo durante o período de prácticas así como o coñecementos ou competencias adquiridos polo alumno.

## 6. Autoevaluación das prácticas

Como conclusión deberase facer unha avaliación crítica e persoal das prácticas desempeñadas, que remate cunha autoevaluación numérica (1-10). Na devandita avaliación poderanse considerar aspectos como o que se presentan a continuación:

A modo de orientación, o contido podería incluír información sobre:

- Adecuación da empresa e das prácticas desenvolvidas ás pretensións profesionais do alumno/a.
- Facilidades e obstáculos atopados no desempeño das funcións.
- Nivel de seguimento polo titor ou da titora externo/a
- Utilidade da realización das prácticas cara á incorporación, promoción ou especialización profesional do alumnado no mercado laboral, etc.
- Valoración da relación do contido das prácticas cos coñecementos adquiridos no máster.
- Suxestións para axudar a mellorar o noso Programa de Prácticas Externas en Empresas.
- Autoevaluación (1-10).

## MÁSTER UNIVERSITARIO EN XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

### Prácticas en empresas e institucións do alumnado da titulación

ANO ACADÉMICO ...../.....

*Impreso para a valoración do alumnado por parte do titor/a profesional de prácticas externas*

O/A titor/a

D./Dna: \_\_\_\_\_

con D.N.I

: \_\_\_\_\_

Nomeado/a pola empresa/institución

: \_\_\_\_\_

INFORMA que o alumno/a:

Apelidos e

nome: \_\_\_\_\_

D.N.I.: \_\_\_\_\_

—

Que realizou as prácticas no período

\_\_\_\_\_

merece a seguinte valoración:

	EXCELENTE	MOI BEN	BEN	REGULAR	DEFICIENTE
- Grado de cumprimento de normas e horario	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Coñecementos técnicos	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Capacidade de aprendizaxe	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Motivación e disposición para aprender	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Calidade e grado de cumprimento das tarefas realizadas	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Relacións cos compañeiros, clientes,...	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Capacidade para o traballo en equipo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Iniciativa e creatividade	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Capacidade de planificación e organización	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
- Capacidade de adaptación ás necesidades da empresa/institución	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS:

....., ..... de ..... de 2018

O/A Titor/a

Asdo.-.....